


INFORME DE AVALIACIÓN DO PAT (Grao en Xeografía e Historia)

Curso 2019/20

R2 DO-0203 P1



Neste informe presentamos os datos acadados en relación coas accións levadas a cabo no PAT do grao en Xeografía e Historia durante o curso 2019-2020.

O Plan de Acción Titorial da Facultade de Historia é continuidade do desenvolvido no curso 2018/2019 no que se acordou, tanto na Comisión de Calidade (22/06/2017) como na Xunta de Facultade (23/06/2017), simplificar o procedemento asignando un/unha único/a titor/a por curso, coa condición de que imparta docencia no mesmo. Partindo deste presuposto nomeáronse (20/09/2019) para o actual curso os seguintes docentes: Ladislao Castro Pérez (1º curso), Beatriz Vaquero Díaz (2º curso), Susana Reboreda Morillo (3º curso) e Yolanda Barriocanal López (4º curso).

Dado o Estado de Alarma imposto pola pandemia da COVID as enquisas do 2º cuatrimestre realizáronse a través da Secretaría Virtual.

Os resultados deste curso son os seguintes:

1. Anexo II

Este anexo só o cubre o alumnado que se matricula en 1º curso por vez primeira e se lle entrega na sesión de acollida que o centro realiza a semana anterior ao comezo do curso académico. O índice de participación rexistrado foi dun 68,7%, case catro puntos superior a cifra do curso anterior, o que resulta satisfactorio dado que se ofrece unha modalidade semipresencial con dificultades de asistir á xornada de acollida. Nesta enquisa recóllense datos de tipo persoal (DNI, enderezo...) e outras circunstancias que se relacionan con aspectos estruturais do grao (motivación, posibilidade de asistencia, organización e tempo de estudo e traxectoria académica previa). Destacamos, por exemplo, o tempo medio que estiman dedicarlle a estudo diario, á terceira parte resúltalle complicado dar unha resposta concreta, un 12,5% contestan entre 2 e 3, probablemente unha cifra máis realista e un 8,5 % entre 5 e 6 horas, un xesto de boa vontade pero que pensamos que non será unha realidade. Por último entre as razóns polas que escollen os estudos do grao, so respostaron un total de 19 coincidindo na súa maioría na vocación e o interese pola Historia, Historia da Arte e Xeografía e, en xeral, e o coñecemento. Unha

minoría menciona as saídas profesionais que recoñecen neste título (docencia, arqueoloxía, turismo...).

2. Anexo III

De acordo co reparto de titorización xa comentado, realizáronse en cada un dos catros cursos do grao en Xeografía e Historia unha reunión grupal presencial de seguimento ó remate do 1º cuadrimestre, que consistiron nunha valoración previa oral sobre a dinámica do curso e os resultados do cuadrimestre que logo recolleuse no anexo correspondente. No remate do 2º cuadrimestre, esta mesma enquisa habilitouse a través da secretaría virtual de cada alumna/o.

No cadro seguinte indícase o número de participantes por curso e cuadrimestre.

Curso	Reunión 1º cuadrimestre	Enquisa 2º cuadrimestre
1º	15	7
2º	22	6
3º	12	8
4º	3	7

Resultados:

- En relación co curso pasado incrementouse notablemente o número de participantes, pensamos que en relación a implantación das enquisas online, polo que proporemos manter este sistema para o curso 2020/2021.

-As reunións do primeiro cuadrimestre transcorreron en bo ambiente e o alumnado comprendeu o sentido da mesma como unha valoración global do cuadrimestre.

-En xeral non se aprecian grandes demandas, aínda que si algunhas de tipo estrutural, que en certos casos coinciden cos resultados das enquisas de satisfacción, como por exemplo a inadecuada ventilación e temperatura nas aulas, a necesidade de enchufes e acondicionamento das cadeiras. Outras moito máis puntuais (só 1) fan referencia aos horarios.

3. Anexo IV

Número de casos: 28

	Moi boa	Boa	Mala	Moi mala
Organización/coordinación	3	16	4	1

	Moito	Bastante	Pouco	Nada
Desenvolvemento do PAT	6	9	6	1
Utilidade do PAT	5	14	6	1

	Si	Non
Datas axeitadas	15	9
Seguimento axeitado	16	7

Resultados

A maioría do alumnado considera “bo” o desenvolvemento e organización do PAT. 9 respostan cun “bastante” ao grao de desenvolvemento e 6 cun “moito”. Respecto a súa utilidade a maioría a cualifica de “moito”, seguido de “bastante”. Tamén a maioría considera que tanto as datas establecidas como o sistema de seguimento resultan axeitados. A diferenza dos dous cursos anteriores que 3º curso emitía as respostas máis negativas, nesta análise observamos que a actitude máis positiva e coherente se relaciona con este mesmo 3º curso.

En xeral podemos derivar do resultado que hai un índice de satisfacción elevado en relación con este procedemento, confirmándose o acertado do cambio na titorización.